

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Agosto 2009

NOTA DE PRENSA

En agosto de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 3,8% e un 13,1% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 3,8% en agosto de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 13,1%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,2% e os dos importados un 12,4%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 16%. Pola contra, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo diminuíron un 4,1% e un 5,9% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo incrementáronse un 21,9% con respecto a agosto de 2008. Os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios diminuíron un 5,7% e un 16,2% respectivamente.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-3,8	-3,2	ÍNDICE XERAL	-13,1	-12,4
Bens de consumo	-5,9	-3,9	Bens de consumo	-5,7	-1,7
Bens de equipo	16,0	10,0	Bens de equipo	21,9	5,1
Bens intermedios	-4,1	-5,2	Bens intermedios	-16,2	-16,7

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 18,3% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con destino a OCDE, UE25 e a UEM diminuíron un 7,5%, un 7,7% e un 9,7% respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes da UEM diminuíron un 21,1%, os da UE-25 un 16,3%, os da OCDE un 13,3% e os procedentes do resto de países un 9,4%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-9,7	-5,5	UEM	-21,1	-12,4
UE-25	-7,7	-5,8	UE-25	-16,3	-12,7
OCDE	-7,5	-4,4	OCDE	-13,3	-12,7
Resto de países	18,3	4,7	Resto de países	-9,4	-11,2

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>